

Bases concurso debuxo infantil “ O Rural contra a violencia de xénero” Organizado por GDR Terra Chá

1. Ámbito do concurso.

Co motivo da celebración o día 25 de Novembro do Día Mundial da eliminación da Violencia contra a muller, a Asociación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá (GDR Terra Chá) en colaboración con AGADER e a Secretaría Xeral da Igualdade convoca un concurso escolar de debuxo que se rixe polas seguintes bases.

2. Participantes e categorías.

Poderán tomar parte do concurso os escolares de todos os colexios e centros de ensino ubicados nos seguintes concellos: Abadín, A Pastoriza, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, Riotorto, Vilalba e Xermade, nas seguintes categorías:

- ❖ Categoría 1º: Alumnos/as de 1º e 2º curso de educación primaria.
- ❖ Categoría 2º: Alumnos/as de 3º e 4º curso de educación primaria.
- ❖ Categoría 3º: Alumnos/as de 5º e 6º curso de educación primaria.

3. Tema do concurso.

O tema central do concurso e a reflexión e a visión que teñen os nenos/as sobre a violencia de xénero. Os participantes deben presentar un debuxo co lema “ O Rural contra a violencia de xénero” .

4. Requisitos.

4.1. Prazo de presentación

O prazo de presentación dos debuxos remata o martes 16 de novembro de 2021, o mércores 17 recolleremos nos distintos colexios os debuxos que deben estar separados por categorías.

4.2. Formato de presentación.

- Cada participante pode entregar un debuxo unicamente.
- O debuxo presentárase nunha folla de papel de tamaño A4.
- No reverso da folla deben aparecer nome e apelidos do/a concursante, centro escolar, curso, categoría, dirección e teléfono do/a concursante.
- A técnica do debuxo será ceibe. Poderán empregarse acuarelas, rotuladores, lápices, ceras, etc, cada escolar pode adoptar a técnica que mais lle guste.
- Os traballos que se presenten serán inéditos.

4.3. Lugar de realización e recollida dos debuxos.

Os debuxos pódense realizar preferiblemente nos centros escolares, neste caso cada centro escolar debera realizar varias fotografías do momento dos debuxos sen que se vexan as caras dos/as alumnos/as, a realización dos debuxos tamén se poden facer na propia casa dos alumnos.

A recollida dos debuxos de cada centro será o mércores 17 de novembro en horario lectivo, tendo preparado a separación por categorías.

5. Xurado

O xurado valorará os traballos presentados e determinará os gañadores do concurso, valorando positivamente aqueles traballos creativos.

O xurado estará formado pola Comisión Permanente do GDR Terra Chá e resolverá calquera incidencia que poida producirse e que non quedara establecida de forma explícita nestas bases. O fallo do xurado será inapelable.

6. Premios.

Tódolos debuxos participantes no concurso optarán a varios premios dependendo da categoría, cada categoría terá un primeiro premio mais diploma, un segundo premio mais diploma e un terceiro premio mais diploma.

7. Fallo.

- O resultado do concurso notificarase os gañadores e os centros escolares o 22 de novembro.
- No caso de que o participante consinta expresamente a captación e posterior publicación da súa imaxe, poderán ser publicadas as fotografías dos premiados e os seus debuxos no portal web da asociación, prensa e outros medios de comunicación social, co fin de promocionar e dar a coñecer os eventos que organiza a entidade.
- O Xurado poderá conceder os premios como considere oportuno ou deixar vacante calquera dos premios.
- Os traballos presentados pasaran a ser propiedade da Asociación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá.
- Os premios serán entregados por un membro da Xunta Directiva ou do equipo técnico do GDR Terra Chá antes do 25 Novembro. No caso de non ser posible o anterior os premios serán entregados polos directores/as ou titores/as dos centros educativos.
- Os debuxos gañadores e unha selección dos mellores traballos presentados serán expostos no lugar e data que acorde o Xurado.

8. Nota final.

A participación no concurso implica a aceptación de todas e cada unha das presentes bases, así como o criterio dos organizadores na resolución de calquera cuestión no prevista nestas bases.



CLAUSULA INFORMATIVA. Bases concurso debuxo infantil "O Rural contra a violencia de xénero". Organizado por GDR Terra Chá.

Nome/apelidos

Centro escolar

Enderezo

Teléfono

Nome/apelidosDNI.....

como representante legal (nai/pai/proxenitor)

autorizo ou non á ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ para a toma de imaxes do meu fillo durante a realización da actividade, e a súa posterior difusión no caso de ser premiado, a través do portal web da asociación, prensa e outros medios de comunicación social, co fin de promocionar e dar a coñecer os eventos que organiza a entidade.

SI autorizo **NON** autorizo á toma e publicación das imaxes

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ
Finalidades do tratamento	Xestionar os datos recadados durante o concurso de debuxo infantil "O Rural contra a violencia de xénero". Captación e difusión das imaxes realizadas durante a actividade.
Lexitimación para o tratamento	RXPD 6.1.a) Consentimento do interesado.
Destinatarios dos datos	Os datos poderán ser comunicados a órganos da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a fin de dar difusión ás diferentes iniciativas e programas da asociación. As imaxes poderán ser publicadas no portal web da asociación, prensa e outros medios de comunicación social, co fin de promocionar os eventos que organiza a entidade.
Exercicio dos dereitos	As persoas interesadas poderán exercer en calquera momento o dereito de acceso, rectificación, supresión dos seus datos persoais, así como exercer outros dereitos ou retirar, no seu caso, o consentimento, tal como explícase na información adicional.
Información adicional	Poderá solicitar máis información na asociación: rúa Carmiña Prieto Rouco s/n 27800 Vilalba (Lugo) ou a través do correo electrónico terrachanaturalmente@gmail.com

Data:

Firma do representante legal (nai/pai/proxenitor):